

COMISIÓN DE ACCIÓN SOCIAL ACTA

Data: 22 de decembro de 2021 ás 11 horas e 11/01/2022 ás 10 horas

Hora de inicio/hora de remate: 11/01/2022 10:05 h / 10:40 h

Lugar: Campus remoto Sala 20

Membros:

Pola Universidade:

- Raquel María Souto García (Xerenta)
- José González Groba (Vicexerente)
- Antonia Melón Amor
- Marta Cogolludo Fernández (secretaria)

Polos Comités de Empresa de PAS de Ourense e Pontevedra:

- José Estévez Vázquez (non asiste)
- Carlos Román Lago (non asiste)
- Luis Pérez Gómez (non asiste)

Pola Xunta de PAS:

- Xoan M. Cebro Rodríguez
- María José Ríos Santomé
- José Manuel Sónora Abeijón (non asiste)

Pola Xunta de PDI:

- Generosa Fernández Manín
- María Montero Muñoz
- Miguel González Loureiro

Polos Comités de Empresa de PDI de Ourense e Pontevedra:

- Begoña González de Prado
- Javier Lorenzo Paniagua

ORDE DO DÍA

1. Aprobación da acta da reunión anterior (10/5/2021)
2. Valoración das reclamacións ás listaxes provisorias da convocatoria de Axudas Fondo Social 2021.
3. Informe convocatoria de Axudas Fondo Social 2020.
4. Rogos e preguntas.



Esta reunión non se puido celebrar o día 22 de decembro debido a un problema co servidor polo que se pospuxo para hoxe día 11/01/2022.

1. Aprobación da acta da reunión anterior (10/5/2021).

A Xerenta pregunta ás e aos membros da Comisión se aproban a acta da sesión anterior, non habendo alegacións dáse por aprobada a acta.

2. Valoración das reclamacións ás listaxes provisórias da convocatoria de Axudas Fondo Social 2021.

A secretaria da Comisión da traslado de 4 incidencias, a primeira relativa a medicamento lixiana con receta do Sergas para medicamentos non financiados, a comisión acorda pedir informe médico dun facultativo do sistema público de saúde que indique que esa medicación con esa denominación é necesaria para a patoloxía que padece.

Na incidencia tratamento indiba para bursitis, non se admite por ser gastos asociados aos tratamentos de saúde excluídos pola convocatoria.

No caso de trastorno de conducta alimentaria queda admitido, xa que ademais das alerxias e intolerancias tamén admitiranse trastornos de anorexia e bulimia.

No caso de tratamento de fisioterapia, despois de revisar toda a documentación aportada non se admite por ser gastos asociados aos tratamentos de saúde excluídos pola convocatoria.

3. Informe convocatoria de Axudas Fondo Social 2020.

A xefa do sección de retribucións presenta o informe e non hai preguntas relativas ao mesmo.

4. Rogos e preguntas.

María José Ríos indica que debería revisarse a nova convocatoria polos órganos de representación, a Xerenta manifesta que os órganos de representación poden poñerse a traballar nun novo documento canto antes e presentar unha proposta consensuada.

Ás 10.40h. dáse por finalizada a reunión.

